



ACORDO DE APROBACIÓN DA LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS NO CONCELLO DE A RÚA (OURENSE).

A directora territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ditou, en data 25/02/2026, resolución de inicio do procedemento de selección de persoas adquirentes da vivenda de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións do expediente OU-2001/501 conta 33, situada en Rúa Almendralejo, nº 5, escaleira 5, 1º B, de A Rúa (Ourense).

En data 24/03/2026 rematou o prazo para a presentación de solicitudes de participación no devandito procedemento.

O procedemento de selección de persoas adquirentes de vivendas protexidas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións regúlase no artigo 31 do Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, e no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Transcorrido o prazo sinalado na devandita resolución, non se presentaron solicitudes.

Polo que, a xefa da Área provincial do IGVS de Ourense, acorda:

1º Declarar deserto o procedemento de adquisición, referido á resolución de inicio do 25 de febreiro de 2026, da vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente OU-2001/501 conta 33, situada en Rúa Almendralejo, nº 5, escaleira 5, 1º B, de A Rúa (Ourense).

2º Ordenar a publicación deste acordo na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

A vivenda pasará a figurar na sección de Publicidade Permanente.

Ourense, na data da sinatura electrónica

A xefa da Área provincial do IGVS

Esther Rodríguez Casal

